

## ANTONIO FRAGUAS. O PROFESOR

ANTONIO FRAGUAS. THE TEACHER

Camiño Noia Campos  
Universidade de Vigo

**Resumo:** O artigo traza o percorrido pola vida docente de Antonio Fraguas desde 1929, ó rematar a carreira de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago de Compostela, ata o ano 1963, como catedrático no Instituto Feminino Rosalía Castro de Santiago. Os datos dos primeiros centros nos que Fraguas imparte docencia, A Estrada e Lugo, están tomados, esencialmente, de biografías e artigos publicados. Mentres que os referentes ó Instituto Rosalía Castro, de 1959 a 1963, parten de lembranzas directas das súas alumnas e da documentación que garda o fondo *Antonio Fraguas* no Museo do Pobo Galego.

**Abstract:** This paper is a journey through the teaching life of Antonio Fraguas since 1929, year in which he finished his degree in Philosophy and Letters at the University of Santiago de Compostela, until 1963, time in which he was a professor in the feminine high school Rosalía Castro at the same town. The data of the first teaching centres in which Fraguas practises this profession, in A Estrada and Lugo, are essentially taken from biographies and published articles. Instead, those referring to the Feminine Institute, from 1959 to 1963, are based on direct memories of his students and data collected in the Fraguas's documentary archive kept by the Museum of the Galician People.

**Palabras chave:** Antonio Fraguas, profesor, oposición, xeografía, clases, A Estrada, Lugo, Universidade.

**Key words:** Antonio Fraguas, teacher, public examination, geography, lessons, A Estrada, Lugo, University.

Desde que, en outubro de 1929, Antonio Fraguas entra con 24 anos de profesor axudante de clases prácticas de xeografía na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago de Compostela (USC) e, en decembro, de profesor no Instituto de Santiago (na praza de Mazarelos), tamén como axudante de prácticas, non deixou de dar clase. E, sempre que lle foi posible, compaxinou a docencia universitaria coa do ensino secundario. Na súa biografía, M.<sup>a</sup> Xosé Fernández Cerviño (2019: 37-38) sinala que:

No curso 1932-33 figura como encargado da cátedra de Lingua e Literatura Españolas na Universidade, vacante por excedencia de Cotarelo Valledor, cargo ao que se engade no curso seguinte o de Xeografía, Numismática e Epigrafía como materias alternas.

O que mostra a variedade de materias que o novo profesor tivo que preparar no inicio da súa carreira de docente.

O 1 de outubro de 1933 o Ministerio de Instrución Pública da República convoca uns cursos de selección e perfeccionamento para os colexios subvencionados estatais que acababa de crear, e Fraguas preséntase e consegue unha praza de xeografía e historia, apadriñado por don Ramón Otero Pedrayo (Fernández 2019: 47; Abel 2019: 35).

Sorpréndeme por que, dado o seu interese pola investigación arqueolóxica e etnográfica, Fraguas non se centrou no traballo da Facultade para facer carreira universitaria e oposita, en cambio, a profesor de secundaria. A razón (el non a ten explicado) puido deberse ó escaso soldo que recibía o profesorado interino de universidade, onde tería que pasar varios anos ata facerse numerario. Fraguas ten daquela vinte e oito anos e acababa de casar; precisaba un salario suficiente para manter a familia.

## PROFESOR ILUSIONADO

No outono de 1933, ocupa a praza de profesor de xeografía e historia no Colexio Subvencionado Estatal de Segunda Ensinanza da Estrada, un centro novo creado a iniciativa dos emigrantes da comarca estradense no Río da Plata que desde alá fan campaña a prol dun centro de ensino secundario para fomentar a educación superior. Facéndose eco das súas demandas, os pais e as nais máis interesados pola educación superior dos fillos apoian o alcalde no pedimento ó Ministerio de Instrución Pública dun Instituto de Secundaria. O concello comprométese a buscar un edificio onde situar as aulas e a sufragar os gastos, e o inspector de Ensino Secundario da zona, Luis Crespi, envía informes favorables ó ministerio. As xes-

tións de pais, políticos e mestres interesados polo centro, ademais da axuda “dos deputados de Acción Republicana, Osorio Tafall e Poza Juncal, e dos socialistas Gómez Osorio, Botana e Arbones [nas Cortes de Madrid], que foron sensibles a esta demanda popular” (Garrido 2019: 224), conseguen o obxectivo. O consello de ministros do Goberno da República concédelle á Estrada un dos colexios subvencionados que acababa de crear, no que a poboación en idade escolar podería facer o bacharelato elemental. O Colexio Subvencionado dependeu durante dous anos do Instituto de Pontevedra, onde tiña que examinarse o alumnado ó finalizar o curso, e en 1935 pasa a Instituto de Secundaria autorizado a examinar e a impartir o bacharelato superior (Maissa 2012: 24-26).

Fraguas instálase na Estrada en decembro de 1933 pero segue ocupándose durante un ano da biblioteca do Seminario de Estudos Galegos en Santiago e colabora noutras actividades do Seminario de maneira esporádica. En abril de 1935, a Universidade de Compostela prorrógalle o contrato de profesor auxiliar por catro anos, mais renuncia á prórroga por non dar atendido tantas encomendas, na Estrada e en Compostela.

O xoven profesor, partícipe do entusiasmo popular creado polo novo centro de ensino, acepta o cargo de secretario e dedícase ilusionado ó labor docente, aínda frescas as leccións dos mestres do Seminario de Estudos Galegos (SEG). Como confesa ó final da súa vida (Fraguas 1999) utilizará unha metodoloxía práctica: “Como mestre apliquei as teorías da Institución Libre de Enseñanza e ensinaba Xeografía sobre o terreo”. Estaba convencido de que, completando as leccións da aula con prácticas de campo para observar a configuración orográfica, os ríos, as fontes naturais, os cadoiros... *in situ*, a percepción e comprensión do alumnado sobre a realidade sería máis proveitosa. Pois, á parte dos fenómenos xeográficos universais que explicaba nas aulas, o militante galeguista faláballe ó alumnado das características do territorio galego e das particularidades xeográficas da comarca de Tabeirós. Tamén nas clases de historia, ademais de referirse á de España, falaba da nosa prehistoria, dos petróglifos, dos dolmens e dos castros, animando os alumnos de máis idade a participar en escavacións organizadas polo SEG. Aquel mozo da aldea, que descubriera a riqueza do territorio e do noso pasado grazas ós seus mestres, quere transmitirle ó alumnado que está formando a súa ilusión polo estudo e o coñecemento de Galicia. Ó longo da súa vida, don Antonio ten falado desta experiencia tan ilusionante, que deixou escrita nunha “Memoria docente”<sup>1</sup> redactada no verán do derradeiro curso como profesor na Estrada, xa durante a Guerra Civil. Na memoria fala da súa concepción da docencia, deixando claro que o Instituto ten que ser algo máis que un

1 A Memoria “son 22 cuartillas, escritas a man polas dúas caras, nas que fai unhas consideracións dos conceptos, métodos e procedementos que emprega para ensinar Xeografía e Historia ó seu alumnado, MPG carpeta 39” (Enríquez 2006: 161, nota 40).

expendedor de títulos “a unos cuantos privilegiados”, que deberá expandir a cultura ó conxunto dos habitantes da comarca. E explica o labor que tiña feito nas clases, completando as leccións teóricas coas prácticas de campo.

Mais, o profesor de Cotobade non se limita ó labor educativo das aulas, participará na vida cultural da Estrada organizando conferencias, fomentando a lectura coa creación dunha biblioteca e colaborando na creación dun museo de historia natural. De xeito que, coa súa pedagogía e o seu carácter afable e xeneroso, axiña se converteu nun referente cultural na vila. Moitos anos despois, Alfonso Varela Durán (2012: 112), un exalumno do Instituto, fala do profesorado salientando o papel de Fraguas:

Integráronse plenamente na Estrada e participaron en moitos aspectos da vida da nosa vila, organizando funcións teatrais e agrupacións musicais; realizando frecuentes excursións ós nosos pazos, castros, mámoas, igrexas e en xeral a toda a nosa natureza, impartindo leccións de etnografía, arqueoloxía e epigrafía, estando sempre na cabeceira D. Antonio Fraguas.

A non ser o primeiro ano, que viaxa todas as semanas a Santiago para atender a biblioteca do SEG, os outros dous anos e medio que residiu na Estrada irá pouco alá. Dedicase á docencia, a fomentar a cultura local e á militancia galeguista a prol do Estatuto. Non lle quedaba tempo para investigar nin escribir.

Mais pouco lle durou a ilusión ó profesor. O 18 de xullo de 1936 os fascistas que apoiaron a sublevación militar contra a República expediéntano e expúlsano do ensino público pola súa militancia galeguista, despois de humillalo e asustalo someténdoo a vexacións. Feitos que para a súa biógrafa Fernández Cerviño afectarían fondamente o seu comportamento posterior ante a política:

Todo isto conxugouse para quebrantar de forma irreversible o ánimo de don Antonio, que se mantería afastado para sempre da política e con notoria aversión ás ideoloxías partidarias e a calquera mudanza que alterase a calma á que aspiraba. (2019: 61).

## PROFESOR RESIGNADO

Sen a praza de profesor, Fraguas queda sen o salario familiar e moi amolado pola situación de represión que padece Galicia (amigos asasinados, exiliados, agochados...); sobreviven el e poucos máis do grupo de galeguistas. Quizais pensaría en marchar ó Brasil, para Niteroi onde seu pai deixara amizades, pero non o fixo. Refúxíase con Teresa na casa da súa cuñada en Compostela, onde lle quedan

algúns amigos. Un deles, Ramón Dávila, párroco de San Fiz de Solovio, axúdao a crear a Academia Menéndez Pelayo en 1938, na rúa da Troia<sup>2</sup>, que dirixirá e na que imparte clases de materias diversas. Anos despois, Fraguas referíase á academia como “unha modesta pasantía”, na que di Fernández Cerviño (2019: 64): “preparaba con éxito os aspirantes á reválida e ao ingreso na universidade”.

Co seu bo facer na vida diaria e coa axuda de amigos ben considerados polo Réxime, en 1940 consegue que lle levanten a inhabilitación, manténdolle a suspensión de emprego e soldo durante dous anos máis. Deixa a casa da cuñada e vai con Teresa para unha vivenda na rúa do Franco. En novembro de 1942 solicita a readmisión na Universidade compostelá e fanlle un contrato de profesor axudante de clases prácticas de xeografía. Por eses anos, matricúlase na Universidade de Madrid nos cursos de doutoramento de xeografía e historia e comeza a preparar a tese. En febreiro de 1943 o Ministerio de Educación crea o Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento, dependente do CSIC, con parte do material incautado ó SEG e Fraguas colabora nas súas actividades exercendo de secretario. Ese mesmo ano preséntase á oposición de cátedras de xeografía e historia de ensino secundario pero non o aproban a causa dos “antecedentes desfavorables”; o que lle volverá suceder nos anos seguintes. Continúa dando clases na Universidade como profesor auxiliar de prácticas de xeografía e, no curso 1947-1948, fanlle un contrato de encargado de cátedra. En xuño de 1948 le a tese na Facultade de Filosofía e Letras de Madrid, coa máxima cualificación.

## PROFESOR LIBERADO

### NO INSTITUTO MASCULINO DE LUGO

En 1950 Fraguas consegue por fin aprobar a oposición a unha praza de catedrático de xeografía e historia de ensino secundario e vai para o Instituto Masculino de Lugo. Tamén aí estrea un edificio habilitado para tal fin. Ser funcionario foi esencial na súa vida, séntese libre, rehabilitado dos atrancos sufridos e animado a traballar. “Lugo para min significou a liberdade. Foi a volta á miña vida académica, por iso nunca poderei esquecer Lugo”, dixo. En opinión de Abel Vilela (2019: 96) foi “unha década que para Fraguas supuxo a liberdade, a normalización da súa vida académica, cultural e social, e para Lugo a etapa de ouro do seu desenvolvemento en sentido amplo”.

Na cidade romana iniciaba unha nova etapa na súa vida docente cun pesado fardelo no lombo, que actuaba de disolvente ideolóxico sen diluír nunca os seus

2 Quizais pola falta de espazo, dado o número de alumnos que ten, a academia trasládase ó Pazo de Amaranthe na Algalia de Abaixo.

principios. Neses anos exerceu sempre algún cargo de xestión no instituto, foi xefe de estudos, secretario e tivo outros fóra do centro, como o de vogal inspector do Tribunal de Exame de Grao Superior de Bacharelato, durante os anos 1953 e 1954; un tribunal creado pola Reitoría da Universidade de Santiago para examinar o alumnado libre que estudaba en colexios de secundaria. Fraguas irá examinar a varias localidades das provincias de Ourense e da Coruña e, en 1958 e 1959 participa nos cursos universitarios creados polo gobernador civil de Lugo, o catedrático de física Enrique Otero Aenlle. Ocupacións que non lle impediron ser membro de asociacións locais, laicas e eclesiásticas, implicándose nas súas actividades, ademais de dar dúcias de conferencias por toda Galicia.

A información dalgúns exalumnos lugueses leva a pensar que Fraguas non cambiou nas clases a metodoloxía docente utilizada na Estrada. Julián Parga (1999), un deses antigos alumnos, glosando a figura do vello profesor di nun artigo de *El Progreso*:

Non é doado esquecer a primeira clase, aló polo outono do ano 51, na que un recién chegado profesor de semblante serio expón aos alumnos de quinto de Bacharelato o seu propósito, o que el chamaba “aprender a aprender”. Pregaba e premiaba a asistencia ás clases e non lle fixo falta esixir respecto, porque era a primeira causa coa que el nos agasallaba. Era mesmo o primeiro acto de xenrosidade, calidade esta que logo comprobaríamos era unha das súas virtudes. O seu sentido da docencia era por riba de todo vencellador, ausente da imposición e sanción ao uso. Ensinaba e convencía coa palabra; coa palabra sempre repleta de tenrura pero douta e rigorosa. Non era un profesor convencional de programa e libro, xa que disfrutaba agasallando cos seus saberes, que eran moitos, e sobre todo gustaba do estudio práctico. As saídas con el aos museos e aos castros, ás moas, ás igrexas, eran leccións de historia, xeografía, arte, etnografía e, sempre, Galicia. Coa súa natural simpatía convertía as clases en divertimentos adobiados con anécdotas, refráns e datos precisos.

De testemuños coma este, debeu recoller Clodio González (2019: 15), un dos seus biógrafos, a información para dicir que Fraguas:

Seguiu o mesmo método pedagóxico que puxera en práctica case dúas décadas antes no Instituto da Estrada: saídas cos alumnos para coñecer e falar dos principais monumentos da cidade e contorna; ciclos de conferencias e cursos; publicacións.

Fernández Cerviño (2019: 70) refírese á súa docencia en Lugo mencionando coa expresión “experiencia sobre o terreo” as visitas culturais:

En Lugo pon en práctica o seu método predilecto no estudo do medio a través dun ensino combinado da xeografía, a historia e a etnografía, simultaneando os coñecementos librescos coas experiencias sobre o terreo. Os seus dotes pedagóxicos serán recoñecidos formalmente pola dirección do centro, que lle confía sucesivamente a xefatura de estudos e a secretaría.

Non hai dúbida de que Fraguas foi un profesor entregado á súa profesión, que interesou os alumnos polas materias que explicaba e que fixo saídas culturais con eles. Con todo, a súa metodoloxía pedagóxica non puido ser a mesma da etapa republicana, na que se fomentaba a pedagogía activa do Instituto Libre de Enseñanza. Na década dos anos cincuenta, as institucións educativas do Goberno da Ditadura obrigaban o profesorado a seguir o programa do libro de texto, elaborado por persoas da confianza do Réxime para poder controlar o que se ensinaba nas aulas. Así, nada máis tomar posesión da praza no instituto de Lugo, Fraguas recibe unha colección de libros de xeografía e historia do editor valenciano López Mezquida para utilizar nas clases dos primeiros cursos, e compañeiros do centro recoméndanlle outros para os cursos superiores. Os docentes podían escoller un libro de texto entre a escasa oferta que había –todos editados baixo a censura da Administración educativa–, mais non tiñan opción a renunciar ós textos. É lóxico pensar que o profesor Fraguas, convencido de que o desenvolvemento intelectual do alumnado non se conseguiría explicando e preguntando as leccións do programa dun libro para repetilo nos exames, tratase de presentar o contido das materias con explicacións amenas, facéndoo de doada retención para os alumnos. Di en 1989 Victor Basanta, outro exalumno seu: “Todos los libros de Historia permanecían casi nuevos a final de curso, porque con las explicaciones de don Antonio nos sobraba cualquier intento de aclaración o de ampliación” (Abel 2019: 95).

O profesor de xeografía e historia seguro que fixo visitas culturais, mais non no inicio da súa estada no instituto, sería despois de ver as posibilidades de facelas que lle permitirían o claustro de profesores e as autoridades académicas. Non podía arriscarse.

Segundo consta na documentación do fondo *Antonio Fraguas* no Museo do Pobo Galego (caixa 40), a Secretaría do Centro de Orientación Didáctica (COD) do Ministerio de Educación envíalle, a fins do ano 1956, un cuestionario con dezaioito preguntas para interesarse polo tipo de docencia que impartía e por como lle gustaría facela, entre outras cousas. En carta anexa, o secretario do COD dille que eran “datos interesantes para los fines que se propone realizar en materia de

enseñanza la Dirección General de Enseñanza Media”. Velaí outro control do COD, interesado en saber o que pensa o profesorado e, neste caso, o profesor galeguista da República. Fraguas responde con habelencia as preguntas, é prudente e mostra a súa humildade valorando o “material pedagógico” (non di ‘libros de texto’) elaborado polo Ministerio de Educación. Fai como que non atina a saber que tipo de método pedagóxico pode ser mellor:

Es muy difícil hallar un sistema teórico, casi fórmula empírica, que nos permita estar en posesión del mejor método de enseñanza en una disciplina determinada. Al facilitar al profesor material pedagógico para desarrollar su labor docente, se le proporciona el medio para conocer la reacción de los alumnos, y según ella tiene que orientar su sistema expositivo para despertar el interés, hasta si se quiere, un poco afectivo, de grata preocupación por la asignatura.

Noutro apartado do cuestionario, Fraguas explica a conveniencia de que os alumnos visiten lugares de interese para completar a súa formación e, entre os castros, as ruínas romanas e as igrexas, di que proxecta visitar FRIGSA, “uno de los centros de preparación de carnes y derivados más importantes de Europa”, apostila. As instalacións de FRIGSA, acrónimo de “Frigoríficos gallegos, sociedad anónima”, que fora un matadoiro de animais, agora pertencían ó INI (Instituto Nacional de Industria) que ampliara as actividades da empresa; ademais de matar, preparaba a carne para exportala. As novas instalacións acababa de inauguralas Franco en setembro de 1956, coincidindo, practicamente, co envío do cuestionario do Centro de Organización Didáctica; e o noso profesor sabía ben o que debía dicir para ter contentas as autoridades educativas. En xaneiro de 1957 devólvelle á secretaria do COD o cuestionario cuberto. Este interesante documento faime supoñer que as excursións complementarias das explicacións na aula debeunas comezar a facer a partir de entón, vendo que non recibira a prohibición. E por descontado que, con anterioridade, puido levar os alumnos visitar museos, igrexas e restos romanos tan abundantes na cidade, en días non lectivos.

En 1959, o derradeiro ano de estadia como profesor en Lugo, Fraguas tiña gañada non só a estima dos seus alumnos, senón tamén a do claustro de profesores e de toda a xente coa que convivira na cidade. Na despedida do centro, o Director diríxelle palabras de agradecemento e afecto pola súa “competencia e laboriosidade [...] cordialidade e xenerosidade proverbiais na cidade, un valioso compañeiro que deixará un oco difícil de encher” (Fernández 2019: 73).




## NO INSTITUTO FEMININO DE COMPOSTELA

No curso 1958-1959 quedara vacante a praza de xeografía e historia no Instituto Feminino Rosalía Castro de Santiago por traslado a Madrid da catedrática Pura Lorenzana, que nomearan inspectora de ensino medio. Fraguas, que traballara con ela no SEG, sábeo e quere esa praza para vivir en Santiago. Sospeita que a concesión do traslado non vai ser un simple trámite, desconfía de que lle dean a praza e pídelle a amigos influentes que lle boten unha man. Consegue o traslado e toma posesión da cátedra no Instituto Rosalía Castro o 1 de xullo de 1959 (Abel 2019: 120-129). Posiblemente axudaron as recomendacións, pero Fraguas tiña méritos abondo no seu expediente académico para poder trasladarse e bos informes do director do Instituto de Lugo. Non volverá facer cambios de centro, permanece aí ata a xubilación, ós setenta anos. Estar en Santiago permítelle dar clases na Universidade, e o 31 do mesmo mes de xullo asina un contrato de catro anos como profesor adxunto de xeografía. Unha vez máis don Antonio Fraguas compaxina os dous centros e duplica as horas de docencia.

Ata aquí, os datos que fun dando recollinos de biografías e artigos sobre Fraguas así como dos textos que nos deixou escritos e que se gardan no arquivo do MPG. O que direi de aquí en diante procede, esencialmente, das miñas lembranzas de alumna súa e das que me transmitiron as compañeiras da miña promoción no Instituto Feminino Rosalía Castro, no que el nos deu clase de dúas materias.

O curso de 1959-1960, o primeiro tras chegar ó instituto, don Antonio Fraguas encárgase das clases de historia moderna de España no grupo de cuarto B, onde estaba eu, e avergónzame dicir que non recordaba nada daquelas clases. Grazas á activación da memoria dalgunhas compañeiras fun recuperando a lembranza de certas anécdotas e vagamente de como se expresaba. Disque daba leccións cheas de erudición sobre os conflitos monárquicos, con datas e episodios domésticos, adobiadas de anécdotas sobre personaxes da realeza como un bo discípulo de frei Prudencio de Sandoval. Acabei por recordar que nos falara da fermosura coa que Deus dotara os Reis Católicos, que contara que Carlos V viñera a Compostela facendo o Camiño xacobeo polo Cebreiro e que dixerá que a Felipe II lle cheiraban os pés. E parece que nós riamos a escachar con esas cousas, pero non o recordo. A xulgar polo que atopei entre as notas de clase de don Antonio que garda o seu fondo no MPG (caixa 416), as miñas compañeiras non falsearon a realidade. Hai dúas fichas entre os papeis de apuntamentos nas que está escrita a máquina a caracterización física de Isabel e de Fernando como persoas “ben compostas na proporción dos membros”. A raíña “moi branca e loira, cos ollos entre verdes e azuis [...] A cara moi fermosa e alegre”:

O rei Fernando cos ollos ledos e os cabelos bastos e lisos, era o mellor cabaleiro de todos os reinos.



Na mesma caixa 416 do Arquivo consérvase a conferencia de Fraguas “Estampas de la vida y de la muerte del Emperador Carlos I”, que impartira na apertura do curso académico 1957-1958 do Instituto de Lugo, moi loada pola prensa local, “lleno de anécdotas y que presentó ante los oyentes la humanidad y grandeza de nuestro rey y emperador de Occidente”, dixo *El Progreso* do 30 de xuño de 1957. Pois nesa conferencia aparece a viaxe de Carlos V a Compostela, que recorda oírlla contar a don Antonio unha das miñas compañeiras.

Da xestión como xefe de estudos do Instituto, cargo que aínda seguía ocupando en 1975 cando se xubilou, non recordo (nin recordan as compañeiras) ningún acontecemento significativo. Debía amañar os problemas en paz e con discreción, procurando poñer concordia e quizais ocultando as leas entre alumnas naquel centro gobernado por falanxistas. Era un grupo do profesorado composto por afiliadas á Sección Feminina e por profesores adscritos ó Réxime que, con poucas excepcións, nos parecían impresentables ás alumnas. E non pola nosa ideoloxía política, que non tiñamos, senón polo comportamento déspota e clasista que mostraban coa maioría das “del montón” e pola mala docencia que daban; en especial Pura Bardán e Maruja Carreira, que nos aprendían Ensenanza del Espíritu Nacional e cocíña. Pero tamén don Hilario Saez, profesor de literatura española e universal, e M.<sup>a</sup> Luisa García Rodejas, profesora de matemáticas e membro do Opus Dei. Tamén Francisco Carballo, que foi alcalde de Compostela por eses anos, pertencía a ese grupo, mais el era un bo profesor de debuxo;

tratábanos con respecto, explicaba as técnicas e atendía as nosas preguntas con amabilidade. Entre el e don Hilario ocuparon a dirección do centro practicamente os sete cursos que pasei alí. Só un ano, ou pouco máis, foi director don Gonzalo Anaya, un magnífico profesor de filosofía que se viu obrigado a dimitir polas presións do grupo de adeptos ó Réxime.

Durante a súa estadía en Lugo don Antonio gañara o respecto e a confianza das autoridades educativas da Ditadura, pola súa dedicación ó ensino e o seu bo facer na xestión, traballos que lle deran sona de profesional competente e leal. E, no ano 1962, o Centro de Orientación Didáctica dependente do Ministerio de Educación noméao catedrático-titor dos seminarios didácticos para a formación de novos profesores. Nese curso de 1962-1963, eu facía preuniversitario no Instituto Rosalía Castro e don Antonio dábanos clase de xeografía e historia das “Ciudades y plazas españolas en África: El Sáhara, Sidi Ifni, Ceuta y Melilla”; unha materia que no preuniversitario daqueles tempos cambiaba cada curso o tema de estudo. A decisión do Ministerio de Educación de programar un monográfico sobre as colonias españolas no norte de África aquel curso non fóra cousa do azar. Tiña, sen dúbida, o obxectivo de inculcar no alumnado dos institutos de España o encomiable labor do Goberno español en África, para inducilo a defender a ocupación deses territorios e contrarrestar a contestación ó colonialismo que se estaba iniciando no Sáhara encabezada polo exército Polisario.

Tiñamos un libro de texto obrigatorio titulado *Plazas y provincias africanas españolas*, escrito por José Díaz de Villegas, director do Instituto de Estudios Africanos do CSIC, en colaboración con dúas fillas. Villegas era un franquista convencido, autor de libros en defensa da sublevación militar do 36 e da alianza co nazismo, algúns con títulos tan significativos como *La paz española* e *La División azul en línea*.

No fondo *Antonio Fraguas* do MPG (caixa 45), que garda apuntamentos das clases do noso profesor, atopei uns folletos de dobre folio con catro páxinas a dúas caras, que conteñen “conferencias” sobre os diversos subtemas do programa. Cada folleto está escrito por un autor, aínda que hai dúas ou tres redactadas pola mesma persoa; o texto vai acompañado de fotografías, cadros comparativos, esquemas e debuxos. Estes son os títulos duns cantos folletos da caixa 45: *Plazas y provincias. Relaciones históricas entre España y África, El estrecho de Gibraltar, Geografía política de las provincias de Ifni y Sahara, Generalidades sobre geografía económica* e *La obra de España en Ifni y Sáhara*.

Era un material de uso obrigatorio para o profesorado que impartía docencia desta materia de preuniversitario no curso 1962-1963, enviado desde a Organización para el Fomento de la Enseñanza (OFE), un departamento dependente do Ministerio de Educación do Goberno da Ditadura para elaborar o contido dos programas de ensino.

No folleto sobre *La obra de España en Ifni y Sáhara*, tanto na conferencia de Julio Alberich como no pé dalgunhas fotografías que a ilustran, pódense ler unha serie de expresións laudatorias para a xestión española neses lugares que recordan as do N.O.D.O. que precedía as películas nas salas de cine daquel tempo. Por exemplo:

La acción civilizadora de España ha llegado a todos los rincones del Sáhara: comunicaciones aéreas y terrestres. El camello frente al avión, ayer y hoy en el África Occidental española. [...]

De la famélica y lenta yunta, desesperación del sufrido indígena, se ha pasado a la más moderna maquinaria agrícola facilitada por España [...]


La falta de agua ha constituido el principal factor restrictivo de la vida en el Sahara. Antes de la presencia española, esta se extraía de escasos y rudimentarios pozos. Ahora las autoridades españolas están construyendo por doquier magníficos aljibes de gran capacidad como el de Güera, que puede contener 1.000 toneladas de agua potable.

O contido dos folletos destinados ó profesorado, e mesmo algunhas fotografías que os ilustraban, coinciden cos contidos do libro de texto do alumnado, coa información resumida e moitas fotografías. Uns e outros están escritos por persoas afectas ó Réxime e controlados pola OFE.

Don Antonio viña á clase sempre ben traxeadado, cunha carteira de coiro castaño na man. Entraba na aula chea de barullo dicindo “Buenos días, señoritas”, frase que adoitaba acompañar dalgún comentario do estilo: “Hoy hace frío, eh! Las veo abrigadas” ou “¿Que les sucede? Están muy alteradas...”. O barullo paraba, quedabamos caladas; don Antonio tiña *autoritas*. E, despois de sacar unhas follas de papel e libros da carteira, que utilizaba poucas veces (só para comprobar algún dato), comezaba a falar seguido cun discurso cheo de erudición que adoitaba deter de vez en cando para contar algunha anécdota ou preguntarnos se sabiamos ó que se estaba referindo. Preguntas que eran máis ben expresións fáticas para facernos manter a atención. Non recordo se lle respondiamos as preguntas, creo que non; e cando contaba algo simpático, daquela riamos. Tendo en conta o que aparece escrito nunha libreta que atopei no seu arquivo, o día que nos falou do Sáhara debeu comezar explicando a extensión do territorio saharauí e os tipo de grupos que o poboaban:

El Sáhara español tiene 297.600 kms. en la zona sur y 2 de libre ocupación. La población es de 140.000 habitantes (tribus guerreras, religiosas y ‘moros de marea’<sup>3</sup>); Nómadas-pastores; Pescadores en Cabo Juby, Villa Cisneros y La Agüera.

Eses datos non os recordaba, pero si recordei o que dixo a continuación coa axuda dunha compañeira de boa memoria: “La población vive concentrada en El Aiún, Villa Cisneros y Smara. Así que, como ven, les sobra mucho espacio para tender la ropa a clareo”.



Como aínda non tiñamos conciencia feminista, rimos como parvas imaxinando o deserto cuberto de roupa, de sabas e camisas brancas, sen percibir que o de botar a roupa a clareo dixérao don Antonio porque eramos mulleres as receptoras e supoñíase que iso formaba parte dos nosos labores. Sen dúbida, de dirixirse a un alumnado masculino diría que quedaba moito espazo para xogar ó fútbol.

Malia a súa afabilidade, non recordo velo entusiasmado nas clases, e non podo dicir que me motivase a aprender o que nos explicaba, aínda que eu tampouco estaba preparada para interesarme polas colonias de España en África; estaban moi afastadas do meu mundo. E posiblemente tampouco a don Antonio lle debía interesar o que tiña que explicar. Aprendín moi pouco daquela materia, á parte da grande extensión do deserto do Sáhara e que España librara da miseria e do atraso os pobos colonizados. Mais iso, sen dúbida, aprendino no libro, non recordo que don Antonio o dixera. Non debeu ser doado para el impartir esa materia na que tiña que dicir cousas coas que, supoño eu, non concordaba. Limitaríase a explicar as características xeográficas do norte de África e a súa historia e, sen negar as

3 O termo “moros de marea” foi utilizado pola primeira vez polo militar e cartógrafo Francisco Coello (1887), e logo polo xornalista Federico García Sanchiz (1943), de onde o collería Fraguas. Con esta denominación (tamén “moros de la costa”) os colonizadores referíanse ós indíxenas que vivían nas zonas costeiras, máis miserables que os indíxenas do interior.

afirmacións dos textos oficiais, evitaría as expresións a favor da colonización española ocultando o que pensaba.

Tampouco lle tivo que ser fácil agochar as súas ideas galeguistas e non dicirnos que a Real Academia Galega, da que el era académico, instituíra o 17 maio como Día das Letras Galegas, informándonos do que sucedera ese día en 1863. Hoxe, parécese imposible que as alumnas do Instituto que levaba o nome da homenaxeada non tiveramos noticia de que ese ano se celebrara o centenario da publicación da súa obra, *Cantares gallegos*. Pero ningunha compañeira do curso ás que preguntei recorda que o profesor Fraguas, nin outro profesor nin profesora, fíxese referencia a ese acontecemento, que falase de Rosalía de Castro ou da súa obra, nin nas clases nin fóra. Eran tempos de represión e había moito medo.

Tampouco recordo nos cursos en que me deu clase que don Antonio nos levase visitar ningún monumento da cidade, o cal non era necesario como prácticas complementarias do que explicaba na aula. Visitas que, segundo conta unha exalumna, parece que fixo en anos posteriores: “Lembro con especial agrado as visitas ou paseos que de cando en vez – máis ben de raro en raro polas poucas facilidades que permitía o sistema educativo do momento– faciamos da súa man polas rúas e monumentos composteláns”, di M.<sup>a</sup> Dolores Cabrera (Villanueva 2019: 116-117), que salienta “a súa afabilidade –tan pouco habituais naquela altura no ámbito escolar–”, o que si comparto.

Fixemos, en cambio, unha estupenda viaxe cultural con el a Madrid e Salamanca, na excursión de final de bacharelato na Semana Santa de 1963.

A excursión adoitábase facer en sexto de bacharelato e nese curso traballamos, atendendo o bar do instituto, facendo actuacións de teatro e de baile e vendendo rifas, para conseguir financiamento para a viaxe. Non recordo por que non a fixeramos daquela e quedou para o curso seguinte, xa en preuniversitario. Tiña que ir algún profesor ou profesora con nós e pedímoslle a don Antonio que nos acompañase. El aceptou pero a dirección do instituto decidiu que fosen tamén: Pura Bardán, profesora de Formación del Espíritu Nacional, e M.<sup>a</sup> Luísa García Rodeja, de matemáticas. Recordo que cando nos deron os nomes das persoas que irían con nós, dixera unha compañeira: “Pobre don Antonio, ter que aturar esas bruxas...”. Daquela, ninguén pensou que ían porque o director non se fiaba do que puidese dicirnos o profesor galeguista e que levasen a misión de vixialo. Pero estrañounos que elas tivesen interese en soportar unha semana un grupo de adolescentes que case non saíran de Santiago e moito menos sen a familia, e, ademais, ningunha delas tiña boa relación con nós. Don Antonio facía de guía e explicábanos os lugares que visitabamos, o Prado, o Escorial un día chuviñento e moi ventoso, a catedral de Salamanca... Fomos tamén ó Valle de los Caídos e recordo a impresión que nos causou a enorme cruz e a grandiosidade das figuras que cobren a gruta,

pero non recordo nada do que dixo alí don Antonio. Quizais calase e fose Pura Bardán a que explicase a historia do lugar coa súa visión. Don Antonio soubo entender as nosas ganas de diversión e aturounos con paciencia, aínda que houbo momentos en que se enfadou coas rapazas que marmulaban ou rían mentres el explicaba algo.

Naqueles anos da Ditadura a relación do profesorado masculino coas alumnas debía ser máis difícil que cos alumnos, e quizais fose esa a razón de que don Antonio percibise menos o cariño das súas alumnas de Santiago que o dos alumnos como para dicir poucos anos antes de morrer: “As rapazas do feminino queríanme moi ben, pero queríanme máis os rapaces do instituto de Lugo” (García/Tomé 2001: 32). Na miña idea, a percepción do cariño que tiña dos dous centros debíase, máis que ó alumnado, ó que lle mostrara o claustro, pois, polo menos, o do meu curso tíñalle afecto.

## CODA FINAL A MODO DE CONCLUSIÓN

Despois do percorrido polas distintas etapas da docencia de Don Antonio Fraguas, a miña conclusión é que o profesor ilusionado e entusiasta que puxo en práctica a metodoloxía activa da Institución Libre de Enseñanza no Colexio Subvencionado-Instituto da Estrada, a partir de 1938, acepta resignado as novas directrices educativas e cambia de método pedagóxico. Galicia, que era o eixe central nas aulas dos galeguistas da República, desaparece dos programas da Ditadura. Os libros de texto co visto e prace da OFE non a contemplan e as clases fanse máis teóricas que prácticas. Mais, sen abandonar o obxectivo de espertar e manter vivo o interese do alumnado para estimular o seu pensamento, no instituto de Lugo, cun claustro favorable, o profesor Fraguas non se limita a informar e formular preguntas na clase, senón que sacrifica o seu tempo de lecer para levar os alumnos visitar monumentos históricos e a xeografía da contorna. No instituto de Compostela, quizais polo feito de ser feminino ou pola composición do claustro, limitouse a dar explicacións teóricas.

Con todo, mostrando o seu saber nas aulas e fóra delas, sendo un profesor afectuoso e xeneroso nas cualificacións (ben diferente da maioría do profesorado), don Antonio gañou a estima do alumnado, masculino e feminino, na posguerra civil. Sacaba poucas veces o xenio, aínda que cando o facía cambiáballe o carácter e mesmo se mostraba violento. Recordo a irada rifa que recibiu un grupiño de alumnas que viñeran facer Preu ó instituto de Santiago dun colexio de monxas de Vilagarcía e que mentres el daba a clase bisbaron rindo entre elas. Berroulles tan enfadado que o resto da clase ficamos impresionadas e deunos pena velo así.

Na universidade, Fraguas non me deu clase; a información que teño vénme das amigas que cursaron a licenciatura de xeografía e historia, e alí, con máis motivo que no ensino secundario, as súas clases eran maxistras, cheas de erudición en datos e bibliografía actualizada. E así o recorda Luís Cochón (2019: 62) no Limiar do Caderno Ramón Piñeiro dedicado a el:

Don Antonio aló andaba el cos seus alumnos da sección de Historia, puntual e sen présas. Moi querido polos seus alumnos aos que lle prodigou saberes e aprobados. Deu clase de case todo: Historia e Xeografía do universo mundo, Arte, Arqueoloxía, Epigrafía e Numismática, Paleografía, nunha universidade de provincias onde as cátedras ou non eran convocadas ou, se se cubrían, éran por catedráticos de paso, á espera do primeiro concurso de traslado. Os aprobados de Fraguas, como antes os do seu mestre Otero Pedrayo, non suporían ningún tipo de desgana ou desleixo, máis ben no fondo, “unha intelixente maneira de combater a lóxica de Franco” (recollendo a cita de Ramón Villares).

Esquécese Cochón de nomear a materia de historia da literatura española, que tamén impartiu.

Como coda final fago patente a miña estrañeza de que Fraguas non se presentase á cátedra de xeografía, que deixara vacante en marzo de 1958 Otero Pedrayo na Facultade de Filosofía e Letras. Está demostrado o seu interese por impartir docencia na Universidade, onde, a non ser nos dez anos en Lugo, tivo contratos de profesor interino e sabemos que, coa xubilación do mestre de Trasalba, algúns amigos lle aconsellaron que se presentase. Un deles foi Ben Cho Shey que, en carta do 12 de xuño de 1959 desde Madrid, cando Fraguas se traslada de Lugo a Compostela, dille:

Coido que debes facer a oposición á cátedra de Otero Pedrayo, pois ninguén coma ti ten títulos dabondo para sustituílo. Por a identificación coa súa laboura e o seu xeito de ser, por prestixio académico e científico, que o tes, e por preparación, que tamén a tes, debías facer esas oposicións. (Abel 2019: 130-132).

Mais Fraguas, que non sabemos o que lle respondeu ó amigo, non seguiu o consello. Tamén Abel Vilela mostra a súa estrañeza de que non opositase dadas as condicións que tiña para facelo con estas palabras:

En moitas cartas de felicitación de 1950 por ter conseguido a cátedra, e noutras posteriores cando se xubilou Otero, desexan que culmine a súa vida docente na Universidade, ao fin el sempre tivo docencia nela, pero ignoro cales foron as



causas por que non o fixo e rematou a súa carreira no Instituto Rosalía Castro de Santiago.

Fraguas nunca confesou a razón e quedou no misterio. Pero é estraño que ningún biógrafo se interesase por investigala mentres vivía. Francisco Durán, catedrático de xeografía da Facultade de Xeografía e Historia da USC, sostén que a razón está en que o profesorado do Opus Dei, que dirixía o Departamento de Xeografía, se opoñía a que un galeguista ocupase a cátedra, polo que tampouco querían a Francisco Ríó Barxa. Con eses datos, teño a sospeita de que Fraguas, amigo de Ríó Barxa, non quixo competir con el tendo máis méritos e o recoñecemento das autoridades académicas. Non pode haber outra razón de máis peso; ninguén podía impedirle presentarse á oposición, aínda sabendo que tiña poucas posibilidades de que o aprobasen, pois, como lle dicía Ben Cho Shey, non tiña nada que perder, volvía ó Instituto. Unha decisión que engrandece máis a súa figura.

Lamento non saber o que hoxe sei sobre don Antonio cando convivín con el na década dos anos noventa, en xuntanzas e xantares, durante a miña pertenza ó Consello da Cultura como representante da Universidade de Vigo. Daquela descubrín que aquel vello galeguista fora represaliado por defender o Estatuto e non me cadraba nada coa figura do profesor Fraguas que eu recordaba, a quen nunca o oímos falar galego nin facer referencia á lingua nin á literatura de Nós.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

### FONTE DOCUMENTAL

*Antonio Fraguas Fraguas*. AMPG: 01.03. MPG-Fondo Fraguas/Caixa 416. En especial a carpeta 45 de “Notas e apuntamentos das clases”.

Lembranzas das alumnas do Instituto Femenino Rosalía Castro de Santiago de Compostela.

### PUBLICACIÓNS

Abel Vilela, Adolfo de (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Lugo, a etapa da liberdade e do recoñecemento intelectual e social (1950-1059)*. T. I. Lugo: Concello.

Barreiro Fernández, Xosé Ramón (2019): “Antonio Fraguas, grande historiador e gran bibliógrafo”, en Cochón/Beramendi 2019: 109-119.

Beramendi, Justo (2019): “Perfil político-ideolóxico de Antonio Fraguas”, en Cochón/Beramendi 2019: 121-131.

Cochón, Luís (2019): “Limiar”, en Cochón/Beramendi 2019: 59-65.

- Cochón, Luís e Justo Beramendi (eds.) (2019): *Antonio Fraguas: laboris causa. Trigo limpo candéal*. Cadernos Ramón Piñeiro XXXIX. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Enríquez Morales, M.<sup>ª</sup> Xosé (2006): “Don Antonio Fraguas: unha vida dedicada á docencia”, en García/Fernández/González 2006: 152-179.
- Fernández Cerviño, M.<sup>ª</sup> Xosé (2019): *Antonio Fraguas Fraguas. Estancias vitais dun mestre sabio*. A Coruña: La Voz de Galicia.
- Fraguas, Antonio (1958): “El libro y la enseñanza”, *Vida gallega* 734, 29.
- (1999a): “O lugar e a casa onde nacín”, *Grial* 144, 621-629.
- (1999b): “Entrevista a Don Antonio Fraguas”, *El Correo Gallego* 6/XI/1999.
- García Liñeira, María e Amelia Tomé Cruz (2001): “Entrevista”, *Xeada. Xornal do I.E.S. Antonio Fraguas Fraguas* [monográfico: *Antonio Fraguas. In memoriam*], 29-35.
- García Martínez, Carlos, María Xosé Fernández Cerviño e Xosé Manuel González Reboredo (eds.) (2006): *Antonio Fraguas Fraguas (1905-1999): un home que traballou sempre “por e pra Galicia”*. Ofrenda no seu Centenario. Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego.
- Garrido, Xoán Carlos (2019): “Fraguas Fraguas. O home que puido ser alcalde”, en Cochón/Beramendi 2019: 223-234.
- González Pérez, Clodio (1998): *Antonio Fraguas Fraguas, xeógrafo, historiador, antropólogo*. Galego de ben. Vigo: Ir Indo.
- (2006): “Antonio Fraguas Fraguas, 1905-1999. Vida e obra”, en García/Fernández/González 2006: 24-89.
- (2019a): “Antonio Fraguas Fraguas. Cronobiografía”, en Cochón/Beramendi 2019: 23-53.
- (2019b): *Antonio Fraguas Fraguas. Unha vida, un país. Días das Letras Galegas*. Cadernos de Estudos Xerais 15. Sada: Asociación Cultural “Irmáns Suárez Picallo”.
- Maïssa Rodrigo, Gisèle (2012): “O Instituto da Estrada nas súas fontes hemerográficas e documentais. Parte I (1933-1960)”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 15, 23-110.
- Parga, Julián (1999): “Mestre exemplar”, *El Progreso* 6/XI/1999.
- Torres Queiruga, Andrés (1999): “Antonio Fraguas”, *Encrucillada* 115, 505-507.
- Varela Durán, Alfonso (2012): “Xuntanza homenaxe ós profesores do Instituto Nacional de Segunda Enseñanza. A Estrada, 30 de agosto de 1959”, *A Estrada, miscelánea histórica e cultural* 15, 111-117.
- Villanueva Gesteira, Malores (2019): *Antonio Fraguas. Mestre da memoria*. Vigo: Galaxia.